

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª,  
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS  
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E  
SERVIZOS**

Día: 12.12.2019

Hora: 10:30

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 12 de decembro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Preguntas**

- 1.1 59168 (10/POC-009245)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Mato Otero, Beatriz e 8 máis  
Sobre os termos exactos do convenio trasladado pola Xunta de Galicia e o Concello de Arteixo ao Ministerio de Fomento en relación coa Autoestrada AG-55, no treito comprendido entre A Coruña e o enlace coa A-6, así como a valoración que fai o Goberno galego respecto da proposta de conexión do porto exterior planificada polo Ministerio  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 569, do 27.11.2019*
- 1.2 55074 (10/POC-008678)  
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda  
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón  
Sobre a valoración da Xunta de Galicia referida ás demandas de ADEGA respecto da loita contra a desertificación do solo, así como as actuacións que vén realizando e as medidas que vai impulsar para deter este proceso  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 529, do 12.09.2019*
- 1.3 57518 (10/POC-009026)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre o estado de elaboración no que se atopa o Plan de saneamento local da ría de Pontevedra, a data prevista polo Goberno galego para a súa publicación e a posible estimación da necesidade de construír novas depuradoras na ría, así como as medidas necesarias para mellorar a rede separativa nos concellos que verten á depuradora dos Praceres e as que vai adoptar en relación coas verteduras do porto de Marín  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 552, do 23.10.2019*
- 1.4 58028 (10/POC-009120)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pierres López, María Luisa e 2 máis  
Sobre o número total de vivendas de protección pública executadas, cualificadas definitivamente e postas á disposición do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia durante os anos 2016, 2017, 2018 e o primeiro semestre de 2019 en cada concello de Galicia, así como a opinión do Goberno galego respecto da cobertura da demanda existente co nivel de

execución acadado

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 555, do 30.10.2019*

- 1.5 58707 (10/POC-009184)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre as razóns do Goberno galego para excluír o Consello da Cultura Galega da tramitación da Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, a valoración que fai e as medidas que vai adoptar respecto do contido do informe emitido por ese consello, así como da intervención do Consello Internacional de Monumentos e Sitios en relación con diversos aspectos desa lei  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 564, do 19.11.2019*
- 1.6 58712 (10/POC-009187)  
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda  
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos  
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego respecto da situación das familias con perfís de máxima vulnerabilidade recoñecida pola Xunta de Galicia que sendo preceptoras da Risga corren o risco de ser desafiuizadas dos seus fogares, así como a política de vivenda que está a levar a cabo na cidade de Vigo para evitar os desaloxamentos sen alternativa habitacional  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 564, do 19.11.2019*
- Punto 2. Proposicións non de lei**
- 2.1 53596 (10/PNC-004272)  
Grupo Parlamentario Mixto  
Rodríguez Estévez, David  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a protección e conservación do Souto de Rozabales  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019*
- 2.2 58065 (10/PNC-004635)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis  
Sobre a elaboración polo Goberno galego dunha guía para a consecución de vivendas intelixentes, con especial orientación á mellora da súa sostibilidade, da súa eficiencia enerxética e da súa accesibilidade  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 555, do 30.10.2019*
- 2.3 58522 (10/PNC-004669)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de



recollida, recuperación e reciclaxe de residuos mariños  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 560, do 13.11.2019*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2019

Jaime Castiñeira Broz  
Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente	
Jaime Castiñeira Broz	P
Vicepresidente	
Jacobo Moreira Ferro	P
Secretario	
Antón Sánchez García	GCE

## Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Martín Fernández Prado	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
David Rodríguez Estévez	M
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 12.12.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 12.12.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1.1      59168(10/POC-009245)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Mato Otero, Beatriz e 8 máis

Sobre os termos exactos do convenio trasladado pola Xunta de Galicia e o Concello de Arteixo ao Ministerio de Fomento en relación coa Autoestrada AG-55, no treito comprendido entre A Coruña e o enlace coa A-6, así como a valoración que fai o Goberno galego respecto da proposta de conexión do porto exterior planificada polo Ministerio

*Publicación da iniciativa, 569, 27.11.2019*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/11/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 59168**  
Data envío: 20/11/2019 18:53:24.677

## Á Mesa do Parlamento

**Beatriz Mato Otero, Martín Fernández Prado, Gonzalo Trenor López, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mourinho Villar, Julia Rodríguez Barreira, Diego Calvo Pouso e Daniel Varela Suanzes-Carpegna** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Pública, Medio Ambiente e Servicios.**

O pasado día 22 de outubro de 2019 a Xunta de Galicia e o Concello de Arteixo daban a coñecer publicamente o contido da proposta trasladada ao Ministerio de Fomento para solucionar e regularizar a situación do acceso ao Porto Exterior da Coruña e liberar a peaxe da Pastoriza.

Unha proposta que pasa por que o Goberno de España asuma a titularidade da AG-55 no treito entre A Coruña e o enlace coa A-6, o que automaticamente supón a conexión directa do Porto Exterior coa Rede de Estradas do Estado, e se elimine a súa peaxe, mediante o pago da correspondente compensación á concesionaria.

A proposta de convenio trasladada pola Xunta e polo Concello de Arteixo ao Ministerio de Fomento busca, polo tanto, solucionar a situación do acceso ao porto exterior de Langosteira, que se está a facer actualmente sen o soporte necesario do convenio de colaboración regulamentario, en prexuízo da administración autonómica, como titular da concesión da AG-55. Ademais, a dita proposta busca dar unha resposta rápida e definitiva para liberar a peaxe neste treito da AG-55 e dotar ao porto exterior dun acceso libre de peaxe e regularizado.

Agora estase á espera de que o Ministerio de Fomento se pronuncie oficialmente ao respecto desta proposta de convenio trasladada polo Goberno galego e o Concello de Arteixo.

En paralelo, habería que seguir avanzando no proxecto da Cuarta Rolda que resolva, tamén, as conexións entre o viario de acceso ao porto exterior (AC-15), a autoestrada A Coruña-Carballo (AG-55), a Terceira Rolda (AC-14) e os polígonos desa área.

Ante o exposto e dada a importancia que supón a proposta feita pola Xunta e polo Concello de Arteixo para o desenvolvemento futuro do porto exterior de Langosteira, para a área da Coruña e para o interese xeral, desde este grupo parlamentario presentamos a seguinte pregunta para a súa resposta **en Comisión:**

CSM-REXISTRO-F1MKL6JF95  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/11/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 59168  
Data envío: 20/11/2019 18:53:24.677**

1.- Cales son os termos exactos do convenio que a Xunta de Galicia e o Concello de Arteixo lle teñen trasladado ao Ministerio de Fomento en relación á AG-55 no treito entre A Coruña e o enlace coa A-6?

2.- Que valoración lle merece a proposta de conexión do Porto Exterior planificada polo Ministerio de Fomento? En especial na súa validez na estruturación da área da Coruña e a conexión cos polígonos industriais próximos ao seu trazado?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Beatriz Mato Otero na data 20/11/2019 18:48:28**

**Martín Fernández Prado na data 20/11/2019 18:49:05**

**Gonzalo Trenor López na data 20/11/2019 18:49:19**

**Jaime Castiñeira Broz na data 20/11/2019 18:49:33**

**Jacobo Moreira Ferro na data 20/11/2019 18:50:10**

**Antonio Mouriño Villar na data 20/11/2019 18:50:29**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 20/11/2019 18:50:48**

**Diego Calvo Pouso na data 20/11/2019 18:51:19**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 20/11/2019 18:51:38**



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 12.12.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1.2      55074(10/POC-008678)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as valoración da Xunta de Galicia referida ás demandas de ADEGA respecto da loita contra a desertificación do solo, así como as actuacións que vén realizando e as medidas que vai impulsar para deter este proceso

*Publicación da iniciativa, 529, 12.09.2019*



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, deputados do **Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.<sup>a</sup>**.

O 17 de xuño do presente ano, con motivo do Día Mundial da Loita contra a Desertificación do Solo, ADEGA denunciou que en Galicia se perden anualmente preto de 42 millóns de toneladas de solo por mor da erosión, polo que cómpre “adoptar medidas urxentes e efectivas contra esta problemática”.

A asociación ecoloxista subliñou que “o actual contexto de cambio climático” é en gran medida responsable de que o 12% do territorio galego sufra risco de desertización. Outras causas salientables son “os incendios forestais, os monocultivos, a agricultura e a gandería intensiva, as explotacións domésticas, o urbanismo e a ocupación do litoral, a minaría, e en xeral os cambios nos usos de solo”. A todo isto hai que sumar as secas recorrentes e os cambios nas precipitacións.

A situación é dunha inmensa gravidade polo que significan os solos para a biodiversidade do planeta, así como para a produción de alimentos saudábeis e para a almacenaxe e a filtración da auga.

Para afrontar a crise, ADEGA reivindica conservar o bosque autóctono; loitar contra os incendios; fomentar a compostaxe caseira e comunitaria, con modelos porta a porta para o lixo urbano e plantas de compostaxe comarcal; adoptar medidas contundentes contra o cambio climático; e aumentar a protección real e efectiva dos espazos naturais coas figuras legais axeitadas.





É o obvio que a Goberno galego lle queda aínda moito que facer para satisfacer estas demandas. O bosque autóctono mingua cada ano en favor do monocultivo do eucalipto; todos os anos Galicia padece 6.000 incendios, a metade do conxunto do Estado; SOGAMA segue sen apostar por unha xestión sustentable; as medidas contra o cambio climático continúan sendo anecdóticas e propagandísticas; e a lexislación actual é incapaz de protexer da maneira axeitada a contorna natural. Urxe, polo tanto, que a Xunta de Galicia asuma as reivindicacións de ADEGA e aplique políticas que sexan congruentes coas mesmas.

Polo anterior, o Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.ª) Que valoración fai a Xunta sobre as demandas de ADEGA ao respecto da loita contra a desertificación?
- 2.ª) Que ven facendo a Xunta de Galicia para deter o proceso de desertificación?
- 3.ª) Ten previsto a Xunta de Galicia impulsar medidas ambiciosas para deter a desertificación?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. do Grupo Común da Esquerda





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/09/2019 16:31:12**  
**Nº Rexistro: 55074**  
Data envío: 04/09/2019 16:31:12.730

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 04/09/2019 16:22:08**

**Antón Sánchez García na data 04/09/2019 16:22:21**

CSX: REXISTROXERAL4vq9  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 12.12.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 57518(10/POC-009026)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o estado de elaboración no que se atopa o Plan de saneamento local da ría de Pontevedra, a data prevista polo Goberno galego para a súa publicación e a posible estimación da necesidade de construír novas depuradoras na ría, así como as medidas necesarias para mellorar a rede separativa nos concellos que verten á depuradora dos Praceres e as que vai adoptar en relación coas verteduras do porto de Marín

*Publicación da iniciativa, 552, 23.10.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/10/2019 12:22:58  
Nº Rexistro: 57518  
Data envío: 14/10/2019 12:22:58.317

### Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa á ampliación da depuradora dos Praceres na ría de Pontevedra.

No ano 2015, logo da denuncia da Unión Europea ao Estado español polo incumprimento da normativa de depuración e da calidade das augas da ría de Pontevedra, a Xunta de Galiza anunciou a contratación dun Plan de Saneamento Local, con un investimento de 1,5 millóns de euros. Este plan foi adjudicado en xullo de 2016 á UTE formada por EPTISA e IDOM enxeñería por máis de 1,2 millóns de euros e un prazo de execución de 3 anos.

A día de hoxe, os concellos e as entidades relacionadas coa ría e co ámbito do plan non teñen coñecemento do documento. Así e todo, nos últimos meses, a Xunta de Galiza fixo públicas diferentes actuacións incluídas neste Plan, como a renovación da depuradora dos Praceres, a ampliación desta instalación ou a construción dun novo emisario submarino.

Así como a obra de mellora do proceso depurativo da EDAR, cun orzamento de 16 millóns de euros, conta co acordo unánime de todos os sectores e institucións, a ampliación da depuradora é obxecto dun rexeitamento maioritario tanto na parroquia de Lourizán como no concello de Pontevedra.

CSM-REXISTROBNG-LUISL5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/10/2019 12:22:58**  
**Nº Registro: 57518**  
Data envío: 14/10/2019 12:22:58.317

Cómpre ter en conta que o Pleno do concello de Pontevedra adoptou o pasado 9 de outubro de 2018 o seguinte acordo unánime:

O Pleno do Concello rexeita a ampliación da actual EDAR dos Praceres e esixe das administracións competentes a exclusión, no Plano de saneamento da Ría de Pontevedra, de calquera proposta que contemple a indicada ampliación.

Malia este rexeitamento, a Xunta de Galiza anunciou a súa intención de seguir adiante co proxecto, do que non se coñece nada máis que unhas infografías.

Desde o BNG consideramos necesario que se analicen outras alternativas como a mellora da rede separativa, para reducir drasticamente a cantidade de augas da chuvia que entran aos colectores, e a construción de novas depuradoras.

Ademais, consideramos imprescindible controlar os vertidos procedentes do porto de Marín, impedindo que se vertan directamente á rede de saneamento grandes cantidades de materiais procedentes dos procesos de limpeza e tratamento de peixe.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Está rematado o Plan de Saneamento Local da Ría de Pontevedra, contratado á UTE formada por EPTISA e IDOM en xullo de 2016?

Cando ten previsto a Xunta de Galiza facer público o Plan de Saneamento Local da ría de Pontevedra?

CSV XESTRÓN DE DOCUMENTOS  
Verificación  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/10/2019 12:22:58**  
**Nº Rexistro: 57518**  
Data envío: 14/10/2019 12:22:58.317

Contempla a Xunta de Galiza a necesidade de construír novas depuradoras na ría de Pontevedra?

Que medidas considera necesario desenvolver para a mellora da rede separativa nos concellos que verten á depuradora dos Praceres?

Que medidas prevé adoptar a Xunta de Galiza en relación cos vertidos procedentes do Porto de Marín?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 14/10/2019 12:20:17**

**María Montserrat Prado Cores na data 14/10/2019 12:20:24**

CSX: FEYXSTFRON6pLJMSL5  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
ep-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/10/2019 12:22:58**  
**Nº Registro: 57518**  
Data envío: 14/10/2019 12:22:58.317

**Noa Presas Bergantiños na data 14/10/2019 12:20:38**

**Olalla Rodil Fernández na data 14/10/2019 12:20:45**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 14/10/2019 12:20:52**

**Ana Pontón Mondelo na data 14/10/2019 12:20:59**

CSV, EXISTRON6pLJMSLS  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 12.12.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 58028(10/POC-009120)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre o número total de vivendas de protección pública executadas, cualificadas definitivamente e postas á disposición do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia durante os anos 2016, 2017, 2018 e o primeiro semestre de 2019 en cada concello de Galicia, así como a opinión do Goberno galego respecto da cobertura da demanda existente co nivel de execución acadado

*Publicación da iniciativa, 555, 30.10.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/10/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 58028**  
Data envío: 23/10/2019 14:29:27.735

## Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Todas e cada unha das ocasións que este grupo e outros teñen sinalado a baixa execución e posta a disposición de vivenda pública en Galicia, tanto en debates en Pleno como en Comisión parlamentaria, o grupo do Goberno ten posto en dúbida e menospreciado os datos facilitados polo propio Ministerio de Fomento, considerando errada a lectura dos cadros.

Polo exposto, e pola importancia que ten para as 14.211 persoas inscritas a día 23 de outubro do 2019 no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia, que ven como non se da satisfeito a súa necesidade urxente de acceso a unha vivenda a prezo alcanzable, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o número total de vivendas de protección pública executadas, cualificadas definitivamente e postas a disposición do Rexistro Único de Demandantes durante o ano 2016 e especificadas por concellos?
2. Cal é o número total de vivendas de protección pública executadas, cualificadas definitivamente e postas a disposición do Rexistro Único de Demandantes no ano 2017 e especificadas por concellos?
3. Cal é o número total de vivendas de protección pública executadas, cualificadas definitivamente e postas a disposición do Rexistro Único de Demandantes no ano 2018 e especificadas por concellos ?
4. Cal é o número total de vivendas de protección pública executadas, cualificadas definitivamente e postas a disposición do Rexistro Único de Demandantes durante o primeiro semestre do ano 2019 e especificadas por concellos?
5. Cal é o grao de satisfacción deste Goberno co número total de vivendas incorporadas ó parque público de vivenda galego e que foron incorporadas para a súa posta a disposición do Rexistro Único de Demandantes entre o ano 2016 e primeiro semestre do 2019?

CSM-REXISTRO6cdwnzr9g  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/10/2019 16:30:00  
Nº Registro: 58028  
Data envío: 23/10/2019 14:29:27.735

6. Creen que o nivel de execución constatado cumpre coas necesidades das galegas e galegos manifestado a día de hoxe no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia?

Pazo do Parlamento, 23 de outubro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Patricia Vilán Lorenzo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 23/10/2019 14:22:52**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/10/2019 14:23:02**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 23/10/2019 14:23:11**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 12.12.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5 58707(10/POC-009184)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para excluír o Consello da Cultura Galega da tramitación da Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, a valoración que fai e as medidas que vai adoptar respecto do contido do informe emitido por ese consello, así como da intervención do Consello Internacional de Monumentos e Sitios en relación con diversos aspectos desa lei

*Publicación da iniciativa, 564, 19.11.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/11/2019 13:22:47  
Nº Rexistro: 58707  
Data envío: 08/11/2019 13:22:47.929

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ao informe do Consello da Cultura Galega a respecto da Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galiza.

Recentemente, o Consello da Cultura Galega fixo público o informe sobre a Lei de rehabilitación, elaborado a pedimento do Comité Español do ICOMOS, logo de que a Xunta de Galiza vetase a participación do Consello na tramitación da Lei. Este veto produciuse tanto no trámite previo á tramitación parlamentaria como na fase de estudo do proxecto de lei na ponencia, na que o PP impediu a participación do Consello da Cultura Galega no trámite de audiencia previsto no regulamento e solicitado pola oposición.

Unha vez aprobada a lei, foi o ICOMOS (organización internacional de defensa do patrimonio asociada á UNESCO) quen no mes de xullo solicitou o informe do Consello relativo a aspectos patrimoniais que toca a LRRRU xa que dende o ICOMOS detectaron que “hai unha serie de artigos que van máis aló do contido na lei estatal, no referente ás actuacións en núcleos históricos e edificios catalogados”. Segundo a comunicación do ICOMOS ao Consello, “estes artigos poñen en risco a conservación dos valores patrimoniais destes núcleos e conxuntos como, por exemplo, o da cidade histórica de Santiago de Compostela da lista do Patrimonio da Humanidade”.

CSM-REXISTRO770E4E15  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/11/2019 13:22:47**  
**Nº Rexistro: 58707**  
Data envío: 08/11/2019 13:22:47.929

O informe do CCG, que foi trasladado á Presidencia da Xunta e ao ICOMOS, pon de relevo que a lei de rehabilitación modifica o réxime de protección do patrimonio cultural de Galicia, agás os bens inmoables declarados individualmente como Bens de Interese Cultural e os bens catalogados que teñan protección integral. A modificación introducida pola LRRRU afecta segundo o CCG á inmensa maioría dos bens que forman parte do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia e á totalidade dos bens declarados de interese cultural de natureza territorial: conxuntos históricos, territorios históricos, lugares de valor etnolóxico, vías culturais e paisaxes culturais.

O informe da Comisión de Patrimonio do CCG é contundente e demoledor en relación coa desprotección do patrimonio cultural e sinala as contradicións entre a Lei de rehabilitación, por un lado, e outras normas como a Lei de patrimonio cultural de Galicia e a Lei do solo, ambas do ano 2016, por outro.

Entre os aspectos máis negativos da norma, o CCG sinala os seguintes:

- a exclusión do criterio de mantemento da trama urbana, das aliñacións e das rasantes existentes nos conxuntos históricos;
- a utilización conxunta de portais e dos núcleos de comunicación vertical,
- a regularización e o agregado de parcelas,
- a unión de locais de negocio nas plantas baixas de varias edificacións,
- permisividade á hora de baleirar os interiores dos edificios.

Segundo sinala o informe na páxina 33, “A aplicación da nova LRRRU nas presentes circunstancias (...) daría lugar a unha situación moi negativa que podería







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/11/2019 13:22:47**  
**Nº Registro: 58707**  
Data envío: 08/11/2019 13:22:47.929

afectar á protección do noso patrimonio, claramente defendido pola lei de patrimonio cultural de Galicia vixente”.

Neste sentido, considera o CCG que “a lei de RRRU non debería contradicir ningún dos principios que aparecen establecidos nas leis estatal e galega aprobadas *ex professo* para a defensa e protección do patrimonio cultural”.

O CCG tamén alerta sobre as consecuencias da non aprobación do Catálogo rigoroso, completo e eficaz para a protección do Patrimonio Cultural de Galicia e sobre a aplicación, neste contexto, das normas de aplicación directa previstas na Lei de rehabilitación xa que “poñen en risco de desaparición non só elementos dos edificios de singular valor senón tamén moitos inmoables, simplemente polas carencias e insuficiencias do documento que as cataloga”.

O informe finaliza cunha afirmación extraordinariamente preocupante ao sinalar que o establecemento na LRRR dunhas normas de aplicación directa sen que exista a garantía dese catálogo “pon en risco de perda, destrución ou deterioración moitos dos bens protexidos integrantes do patrimonio cultural de Galicia”.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Por que o goberno galego excluíu o Consello da Cultura Galega da tramitación da Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galiza?

Como valora a Xunta de Galiza o contundente informe do CCG contrario a diversos aspectos da citada Lei?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/11/2019 13:22:47**  
**Nº Rexistro: 58707**  
Data envío: 08/11/2019 13:22:47.929

Tendo en conta a condición do CCG de órgano consultivo e asesor da Xunta para as cuestións relacionadas coa protección do patrimonio cultural que medidas ten previsto adoptar o goberno galego para deixar sen efecto os artigos da Lei de rehabilitación cuestionados polo informe do CCG?

Como valora a Xunta de Galiza a intervención do ICOMOS neste asunto?

Considera o goberno galego que a aplicación da lei de rehabilitación pode poñer en perigo a inclusión de conxuntos históricos galegos na Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

CSM, REXISTRO7TJ0sEaf5  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/11/2019 13:22:47**  
**Nº Registro: 58707**

Data envío: 08/11/2019 13:22:47.929

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/11/2019 13:15:57**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/11/2019 13:16:04**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/11/2019 13:16:12**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/11/2019 13:16:19**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 08/11/2019 13:16:27**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2019 13:16:34**

CSX: REXISTRORTT05Eaf5  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 12.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 58712(10/POC-009187)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego respecto da situación das familias con perfís de máxima vulnerabilidade recoñecida pola Xunta de Galicia que sendo preceptoras da Risga corren o risco de ser desafiuzadas dos seus fogares, así como a política de vivenda que está a levar a cabo na cidade de Vigo para evitar os desaloxamentos sen alternativa habitacional

*Publicación da iniciativa, 564, 19.11.2019*

# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/11/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 58712  
Data envío: 08/11/2019 14:20:55.467

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, deputados do Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª**.

Como levamos denunciando nesta Cámara dende hai moito tempo, a falla de políticas públicas que garantan o dereito á vivenda ten consecuencias dramáticas para a cidadanía galega. Levamos anos demandando a creación dun parque público de vivenda, mais, ante os 14000 demandantes de vivenda de protección oficial rexistrados nestes momentos en Galicia, o Goberno presidido polo señor Feijóo responde coa paralización da construción de vivenda de protección e promoción pública.

Ante un dereito, o de dispoñer dunha vivenda digna, o Goberno galego responde coa inacción, coa parálise e co maltrato continuado á cidadanía galega. E isto ten terribles consecuencias na vida das persoas. Consecuencias que teñen rostro, que teñen nomes e tralas que se atopa a dor, o sufrimento e a desprotección. Como é o caso dunha familia en Vigo que, de non atopar alternativa habitacional nos próximos días, será de seguro desaloxada do seu fogar a próxima semana.

Unha familia de catro persoas, con dúas fillas de sete e trece anos, perceptoras da RISGA e que serán botadas á rúa pola falta de vivenda de protección que garanta unha alternativa habitacional. Porque en Galicia se os ingresos dunha familia non son suficientes, están destinadas á exclusión e á pobreza crónica.

Porque a Xunta de Galicia non é quen de garantir unha alternativa a esta familia

CSM-REXISTROXERAL-EBRJ85  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



*Grupo Parlamentar*  
*Grupo Común da Esquerda*

+ 981 551 584  
[gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal)

# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/11/2019 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 58712**  
Data envío: 08/11/2019 14:20:55.467

no concello de Vigo, porque a Xunta de Galicia non é quen de traballar pola cidadanía galega e facer que toda a vivenda baleira en mans da banca sexan destinadas ás familias que realmente o precisan. Porque a resposta da Xunta de Galicia é separar a esta familia do seu entorno e enviala a máis de 100 kms de distancia.

Por outra banda, tampouco dende a administración local son quen de dar unha resposta válida a esta familia.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Que pensa facer o Goberno da Xunta de Galicia ante situacións como a que se describe, onde familias de perfís de máxima vulnerabilidade, recoñecidas pola propia Xunta de Galicia, sendo receptoras da RISGA, corren risco de ser desafiuzadas dos seus fogares?
2. Cal é a política de vivenda da Xunta de Galicia na cidade de Vigo, para evitar a situación sistemática e reiterada de desaloxos sen alternativa habitacional, que se produce nesta cidade?
3. Pensa o Goberno galego que as políticas de vivenda pública que desenvolve son suficientes para garantir o dereito a unha vivenda digna?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda.



CSV: REXISTROXGAL-LEIYJ35

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

*Grupo Parlamentar*  
*Grupo Común da Esquerda*

+ 981 551 584  
[gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal)

# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/11/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 58712  
Data envío: 08/11/2019 14:20:55.467

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 08/11/2019 14:19:26**

**Marcos Cal Ogando na data 08/11/2019 14:19:41**

CSV, REGISTRO FROM: gp.LEV135  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



---

*Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda*

*+ 981 551 584  
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal*

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 12.12.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

2.            Proposicións non de lei



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 12.12.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

2.1        53596(10/PNC-004272)

Grupo Parlamentario Mixto

Rodríguez Estévez, David

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia  
para a protección e conservación do Souto de Rozabales

*Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019*



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2.<sup>a</sup>**, sobre o estado de abandono no que se atopa o Souto de Rozabales.

### Exposición de motivos:

Nas zonas do interior de Galicia consérvanse as mellores representacións dos soutos mansos galegos, plantacións monoespecíficas de castiñeiros enxertados con variedades de froito de calidade, un deles é o de Rozabales, no que medran exemplares de increíbles dimensións, cunha fisionomía moi semellante á de todos os castiñeiros vellos e demoucados de Galicia.

Amosan troncos de grandes dimensións que permanecen sen ramificar ata 2-3 m de altura, onde se forma a cruz e comeza a formarse a copa, que se renova cada poucos anos para aproveitar a leña e a madeira e, sobre todo, para favorecer unha boa produción de castañas de bo calibre.

Este espazo foi declarado Monumento Natural pola Xunta de Galicia no ano 2000 e nel, atopase o castiñeiro de Pumbariños, o castiñeiro coñecido máis antigo de Galicia.

Este souto, emprazado sobre unha área de granitos calcoalcalinos deformados, constitúe unha mostra exemplar do tipo de bosques adevesados de castiñeiros, enxertados, de orixe artificial e explotados secularmente por campesiños e campesiñas galegas para a obtención de castañas e madeira (soutos), e na actualidade case restrinxidos ás provincias orientais. Os soutos, un dos elementos fundamentais do noso patrimonio cultural e natural, representan un ecosistema agrosilvopastoral en equilibrio e posúen unha gran biodiversidade, incluíndo a presenza de elementos faunísticos pouco comúns na nosa Comunidade Autónoma.





Neste souto encóntranse exemplares de castiñeiro (*Castanea sativa*) de gran lonxevidade (algún de máis de mil anos) e extraordinaria beleza, auténticos monumentos vexetais. Como exemplar sobresaínte debe citarse pola súa singularidade o coñecido como "Castiñeiro de Pumbariños", cuxo perímetro alcanza os 12,15 m.

O estado actual no que se atopa este souto é lamentable, estando os castiñeiros afectados en elevado grado pola avespiña do castiñeiro e polo chancro, e levando anos sen ser sometido a ningunha clase de poda.

Aparte disto, a falta de limpeza no souto, propiedade da administración autonómica, fai que a maleza creza entre os castiñeiros, elevando así o risco de propagación de incendios forestais nun concello con alta actividade incendiaria.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Facer un plan anual de mellora e mantemento deste souto propiedade da Xunta de Galicia e patrimonio natural de tódolos galegos e galegas.
2. Destinar urxentemente unha partida económica suficiente para facer os traballos de demouca, roza, vacinación contra o chancro do castiñeiro e a solta de *Torimus Sinensis* para combater a avespiña neste souto.

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. Mixto





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/08/2019 13:46:14**  
**Nº Rexistro: 53596**  
Data envío: 08/08/2019 13:46:14.938

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 08/08/2019 13:38:16**

**David Rodríguez Estévez na data 08/08/2019 13:38:22**

CSX: REXISTROHFGJEL48  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 12.12.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

2.2      58065(10/PNC-004635)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego dunha guía para a consecución de vivendas intelixentes, con especial orientación á mellora da súa sostibilidade, da súa eficiencia enerxética e da súa accesibilidade

*Publicación da iniciativa, 555, 30.10.2019*

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Martín Fernández Prado, Antonio Mouriño Villar, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

### Exposición de motivos

A automatización dos servizos de xestión: enerxética, seguridade, benestar e comunicación, mediante sistemas informáticos, así como, a autonomía enerxética das edificacións mediante a aplicación de tecnoloxías, capaces de xerar, almacenar e aforrar enerxía, está a ser un dos obxectivos dos novos proxectos de vivendas.

Por outra banda, estes novos proxectos, deben de contar con espazos accesibles para facilitar a recarga eléctrica de: coches, bicicletas e outros dispositivos de transporte. As azoteas, serán xardíns urbanos en donde a accesibilidade e os paneis solares serán casi unha obriga, todo elo dirixido a conquistar edificios máis sostibles, é dicir, as vivendas do futuro perseguirán o obxectivo de utilizar enerxías renovables e ser parte activa por facer do planeta un lugar máis limpo, sostible e accesible.

Dentro desta sotenibilidade a aposta pola rehabilitación debe de ocupar un espazo destacado, a adaptación das vivendas obsoletas a demanda de hoxe facendo as mesmas máis felixibles, conectadas, sostibles, personalizadas e accesibles, para usuarios que evolucionan e demandan novos servizos.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta a elaborar unha guía de vivendas e actuacións para acadar vivendas intelixentes, con especial orientación a mellora dos aspectos de sostenibilidade da vivenda e eficiencia enerxética da mesma”.



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/10/2019 11:34:40  
**Nº Rexistro: 58065**  
Data envío: 24/10/2019 11:34:40.677

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 24/10/2019 11:30:17**

**Jaime Castiñeira Broz na data 24/10/2019 11:30:49**

**Jacobo Moreira Ferro na data 24/10/2019 11:31:13**

**Martín Fernández Prado na data 24/10/2019 11:31:32**

**Antonio Mouriño Villar na data 24/10/2019 11:32:11**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 24/10/2019 11:32:37**

**Gonzalo Trenor López na data 24/10/2019 11:32:59**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 24/10/2019 11:33:19**



CSV: REXISTROXZd069N69

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 12.12.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

2.3        58522(10/PNC-004669)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en  
materia de recollida, recuperación e reciclaxe de residuos  
mariños

*Publicación da iniciativa, 560, 13.11.2019*





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/11/2019 17:07:49  
Nº Rexistro: 58522  
Data envío: 06/11/2019 17:07:49.411

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

### Exposición de motivos

A UE é o segundo maior produtor de plásticos do mundo, con preto de 50 millóns de toneladas anuais. O 32 % de todo o plástico que utilizamos os seres humanos acaba na natureza. Calcúlase que cada ano 8 millóns de toneladas de plástico chegan a mares e océanos, polo que o Foro Económico Mundial informa que en 2050 no mar haberá máis plásticos que peixes. Segundo a ONG “Greenpeace”, os plásticos representan o 80% do total dos residuos mariños. A cantidade de residuos plásticos no mar non para de medrar e iso afecta aos ecosistemas mariños, á biodiversidade e tamén á saúde humana.

A comunidade científica advirte sobre o perigo para o medio ambiente (e con toda probabilidade para o home) polo paso de microplásticos a través das cadeas alimentarias. Ninguén discute xa que estes residuos plásticos son o principal perigo para os mares de todo o mundo. Tanto que o 9 de xullo deste ano, o Pleno do Parlamento aprobaba por unanimidade unha proposición non de lei deste grupo parlamentario instando á Xunta de Galicia á adopción de medidas inmediatas para reducir a presenza de residuos mariños nas praias e fondos mariños de Galicia, mais non é suficiente: hai países que xa están a avanzar moito máis, desenvolvendo programas de recollida e recuperación de residuos mariños. Así, en Grecia, a organización “Enaleia” é un referente: “Recollemos unha lata de coca-cola cunha cor moi rara e vimos que caducara en 1987. Esa cousa estivera no mar ata 30 anos. Sorprendeunos, pero máis nos sorprende ver que un mariñeiro a guindaba de novo ao mar”.

Nestes últimos anos, a organización “Enaleia” ten comezado un ambicioso programa con mariñeiros gregos, dando incentivos financeiros para que, cando os mariñeiros atopan residuos nas súas redes, non os guinden senón que os devolvan a terra para seren reciclados (toneladas de residuos plásticos e redes elimínanse agora das costas gregas cada mes). A organización ten tamén un plan para a súa reciclaxe: Redes, cordas e semellantes son enviados a plantas de reciclaxe para se

CSM-REXISTROINGCYFQNS1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/11/2019 17:07:49**  
**Nº Registro: 58522**  
Data envío: 06/11/2019 17:07:49.411

converter en calcetíns, traxes de baño, parkas e outras cousas útiles e plásticos, latas e outros residuos son depositados nunha liña de reciclaxe.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, antes do remate da presente lexislatura e coa reserva dunha partida orzamentaria específica para o exercicio 2020, a:

1. Desenvolver programas de recollida e recuperación de residuos mariños dando incentivos financeiros ao sector do Mar para que, cando os mariñeiros atopen residuos nas súas redes, os devolvan a terra para seren reciclados.
2. Desenvolver campañas de información e sensibilización a tal fin.
3. Elaborar un plan específico para a reciclaxe de todos os obxectos recollidos, xa sexan redes, cordas, plásticos, latas ou outros residuos.

Pazo do Parlamento, 06 de novembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 06/11/2019 17:03:51**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/11/2019 17:04:01**

**María Luisa Pierres López na data 06/11/2019 17:04:11**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/11/2019 17:07:49**  
**Nº Rexistro: 58522**  
Data envío: 06/11/2019 17:07:49.411

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/11/2019 17:04:24**

CSX, REGISTRO de CYFQnS1  
Verificado  
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 - [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)